



Bailade, miñas vesiñas,
ahora que lle levámo
-lo cantar ás de Baíñas.

Baíñas da miña vida
de Baíñas para riba
nin aire nin cosa buena.

Para cantar viva Baio
para bailar Carantoña,
para toca-lo pandeiro
Raghuelle que tén a sona.

Un, dous, tres
paso militar

...

... cantan ben
ian cantar ao muíño
eu como cantaba mal
canto por un buratiño.

Todos-los que cantan ben
beben viño y aghuardiente,
eu como cantaba mal
dádem´aghua de la fuente.

Todos tienen una sueghra,
o quixera tener dos,
y amarralas ón carro
y de carretero yo.

Miña soghra morriú onte,
xa pudo morrer á ´anos
vai boa de meu co medo
cos dentes arregañados.

Miña soghra morrí onte,
enterreina no palleiro,
sete creghos a cantar-e
i eu a toca-lo pandeiro.

/:Miña soghra qu´ha de ser-e:/
pedínl´aghua doume viño
non tén mais que me faser-e.

Unha vella a mais un vello
foron xuntos ás amoras,
o vello dixoll´a vella
vamos cantar dúas horas.



Unha vella mais un vello
´staban sientados nun banco,
o vello díxoll´a vella:
amóstrasm´o viran...

Unha vella de sen anos,
un viegho de sento dous
trataron o casamento
y deron gracias a Dios.

Unha vella de sen anos,
un viegho de sento dous
xuntaron las barriguitas
y deron ghrasias a Dios.

/:Arrieiriño das uvas:/
lévame no carro, leva,
qu´eu comerei as maduras.

O meu amor é pereiro
compr´á tres e dálle´ás des
co-aquela ganansiña
o meu amor é xues.

O meu amor é pereiro
compr´á tres e dálle nove
co-aquela ganansiña
o meu amor é dun home.

Tódolos homes cativos
son amigos do tousiño
xa van todos barolentos
mirádelles pro fusiño.